

Tema 1. As funcións sociais da lingua. Conflito lingüístico e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos. A súa repercusión nos usos.

Unha **lingua** ten como principal **función** a de servir de **medio básico de comunicación** para os membros dunha sociedade, pero esa gran función xeral debe concretarse en cada unha das **funcións matrices** que pode desempeñar esa lingua nos diferentes niveis e ámbitos sociais.

As **funcións matrices** dunha lingua son as seguintes:

1. **Función de identidade:** é a que realiza unha lingua como canle de articulación do seu pensamento e incluso dos soños.
2. **Función familiar:** é a que realiza unha lingua como canle de relación entre a familia.
3. **Función laboral:** é a que realiza unha lingua como canle de relación no traballo.
4. **Función local:** é a que realiza unha lingua como canle de relación entre os contactos da mesma contorna cotiá.
5. **Función institucional:** é a que realiza unha lingua como canle de relación entre o individuo e os diferentes estamentos sociais, políticos, administrativos, culturais, etc.
6. **Función cultural:** é a que realiza unha lingua como canle de expresión e recepción de conceptos científicos e artísticos.
7. **Función internacional:** é a que realiza unha lingua como canle de relación entre as persoas de diferentes nacións (globalización).

A existencia de máis de unha comunidade idiomática nos estados xera, a miúdo, unha situación de **desequilibrio** e desigualdade, non só numérica senón tamén xurídica (de estatus e de uso). Esta desigualdade, consecuencia dunhas relacións asimétricas nos planos político, cultural e económico, cristaliza no chamado **conflito lingüístico**, que sempre aparece cando hai **linguas en contacto (colingüismo)** e unha delas trata de acaparar a maior parte das funcións sociais e culturais.

Para solucionar os conflitos lingüísticos caben **dúas alternativas:**

1. Substitución lingüística (ou uniformismo lingüístico). Implica a extinción dunha lingua minorizada ou lingua dominada socialmente.

2. Normalización lingüística (ou ecoloxismo lingüístico). Recuperación de ámbitos de uso e de prestixio da lingua minorizada ou dominada ata a súa volta á normalidade.

As **consecuencias** do conflito lingüístico en Galicia maniféstanse nun **bilingüismo** xeralizado, xa que na nosa comunidade se empregan habitualmente dúas linguas diferentes como medios de comunicación. Pero ocorre que galego e castelán **non** gozan dun **mesmo estatus social**, pois entre ambas as linguas obsérvase unha **convivencia desigual** no ámbito social: **galego** = lingua de menor prestixio ou **lingua minorizada** e **castelán** = lingua de maior prestixio ou **lingua dominante**. Isto quere dicir que en Galicia o bilingüismo se manifesta nunha **diglosia** a favor do castelán.

O **conflito lingüístico** apréciase nas diferentes **actitudes lingüísticas** que se manifestan en tres **colectivos**:

1. **Colectivo de galegos bilingües**: decrece, os seus integrantes pasan ao grupo de monolingües en castelán.

2. **Colectivo de monolingües en galego**: grupo en retroceso, pois non se incrementa por individuos novos.

3. **Colectivo de monolingües en castelán**: grupo que se incrementa de xeito ininterrompido.

A perda de galegofalantes continúa, malia que **o galego aínda é maioritario** en Galicia nos sectores de idade adulta, mais a perda está especialmente acentuada na franxa de idade entre os 5 e os 14 anos, en que o 32,4% da rapazada xa non é quen de usar o idioma, segundo os datos analizados este mesmo ano 2024 polo Instituto Galego de Estadística (IGE).

A situación que se desprende destes resultados é negativa, pero tamén contamos con algún resultado positivo pois, se ben continúan as inercias históricas de perda de falantes a medida que diminúe a idade dos individuos, tamén se constata un freo nesta tendencia a partir do tramo de idade dos 25 aos 30 anos.

A día de hoxe o perigo máis grave é a perda de **transmisión xeracional**, é dicir, a lingua galega está a perder peso como **lingua materna** pois moitos xa non aprenden o idioma no seo da familia, senón na escola. Ademais, mantéñense os **estereotipos** (conxunto de crenzas, xeralmente negativas, sobre un grupo de persoas) e **prexuízos** (actitudes xeralmente negativas cara aos membros dun grupo, fundamentadas na creenza de que todas as persoas que fan parte del son iguais) históricos ao redor da lingua:

1. **Prexuízos estéticos**: baseados en que unha lingua *soa ben ou mal*.
2. **Prexuízos económicos**: baseados na clase social.
3. **Prexuízos socioculturais**: baseados na consideración de que unha lingua non é axeitada para determinados usos (Ciencia, investigación, etc.).
4. **Prexuízos sociopolíticos**: baseados nunha suposta liberdade de elección da lingua e suposta imposición da lingua minorizada.

Para rematar con esta problemática, a única solución eficaz é desenvolver o proceso de **normalización lingüística**, entendido como o **proceso social, político e cultural polo cal unha comunidade lingüística adopta unha serie de medidas para que a lingua propia sexa empregada en todos os ámbitos sen ningunha restrición**.